



### **BENVIDOS AO NOVO MUNDO. *BIG BROTHER IS WATCHING YOU* E AGORA TAMÉN SABE O QUE PENSAS**

Antes discutiamos de política e relixión cos nosos amigos e veciños, agora eses temas son tabú e son substituídos polo entretemento do famoseo xa que moita xente cre máis importante saber con quen están saíndo as súas celebridades favoritas que coñeceren os proxectos de lei presentados e votados no Parlamento ou no pleno do noso Concello. **É interesante que mentres a xente semella volverse cada vez máis idiota as computadoras son máis espelidas.** Estamos converténdonos nunha sociedade de lerdos que non poden pensar por nós mesmos e estamos sendo deshumanizados até converternos nunha masa laboral mentalmente escrava monitorizados, rexistrados en arquivos de datos e mantidos a liña polo medo á omnisciente tecnoloxía Big Brother cada día máis barata e avanzada.

### **O GOBERNO BRITÁNICO INSTALA CÁMARAS NAS CASAS**

O goberno de Gran Bretaña gastou 700 millóns de dólares en instalar cámaras de vixilancia dentro dos fogares de cidadáns para constatar se os seus fillos asistían a clase, tiñan unha correcta alimentación e deitábanse á hora axeitada. Forma parte dun programa governamental chamado “Family Interventions Projects”, que ademais inclúe a traballadores sociais que visitan regularmente as familias para comprobar se os pais están criando ben os fillos. Aproximadamente 2000 familias foron as elixidas polo programa cando se iniciou no 2009 e as autoridades británicas planean aumentar o número até as 20,000. Pais e fillos sometidos a este programa Orwelliano son ademais obrigados a asinar un “contrato de comporta-

mento” chamado de Home School Agreement, que resume o que o goberno espera deles. Hai décadas as rúas de Gran Bretaña foran invadidas por millóns de cámaras CCTV pero esta decisión de metelas nas casas de cidadáns privados asombrou e desgustou a xente e é algo que non só está pasando en Gran Bretaña. En febreiro do 2006, o xefe de policía de Houton en Texas, quixo instalar vídeo cámaras dentro dos fogares para loitar contra o crime porque había, na súa opinión, un recorte no número de axentes de policía. O xefe Harold Hurtt dixo aos reporteiros, “sei que hai moita xente preocupada polo Big Brother, pero a miña resposta a iso é, se vostede non está a facer algo malo de que debería preocuparse?



## COIDADIÑO CO QUE FAS DIANTE DO TEU COMPUTADOR

En febreiro de 2010 houbo escolas que espionaron a alumnos a través das vídeo cámaras dos portátiles. Unha escola de Filadelfia espionou os estudantes activando as vídeo cámaras dos seus portátiles. Os estudantes recibiron os portátiles das autoridades locais con permiso de leválos á casa para uso persoal. Case todos os portátiles, como probabelmente xa sabes, teñen unha cámara pequerrecha na parte superior da pantalla e tamén un micrófono para seren usados en vídeo-conferencias ou para gravar vídeo blogs. Pouca xente sabe que poden ser activados remotamente e utilizados para mirar e escoitar a calquera que estea no seu campo de visión.

Os pais dun estudante presentaron unha demanda en representación de 1800 estudantes aos que se lles entregaran os portátiles pero non foran informados de que os administradores da escola tiñan a posibilidade de, en secreto, activar remotamente as vídeo cámaras. A demanda esixe danos e prexuízos por invasión da privacidade, roubo de información privada e acceso ilegal á informa-

**Os portátiles teñen unha cámara e un micrófono(...). Pouca xente sabe que poden ser activados remotamente.**

ción electrónica. Os pais de Blake Robbins, responsábeis da demanda, descubriron que as autoridades escolares estaban usando as computadoras para espionar os estudantes cando o director do colexio acusou o seu fillo de “comportamento inaxeitado dentro do domicilio” e

amosoulle unha foto tomada desde o portátil escolar.

Moita xente só pecha o portátil cando ten intención de movelo e moita xente teñen os seus portátiles colocados nas mesas dos seus cuartos coa cama e baño a miúdo dentro do campo de visión da cámara sen sospeitar que alguén poida estar observando. Os administradores escolares

puideron ver os estudantes espidos ou incluso miralos sentados diante dos portátiles masturbándose mentres consumían porno en internet. Se os administradores escolares viron os estudantes facendo tal cousa, algo que é moi frecuente entre moitos estudantes e adultos, podería ser un caso de pornografía infantil.

## NON ESQUEZAS SORRIR CANDO VAIAS AO BAÑO

**N**outra escola Reynoldsburg High School en Ohio, a policía instalou unha vídeo cámara nos baños coa xustificación de identificar a unha persoa que escribira un graffiti na parede. O superintendente da escola Richard

Ross dixo que o graffiti era críptico e que cría que se refería a unha ameaza de bomba. O conserxe da escola retirouna en canto a descubriu. O xefe de policía Jeanne Miller, defendeu o uso da cámara dicindo que estaba colocada de xeito que só podía gravar as persoas desde o peito para arriba. “non estou de acordo co método porque creo que é unha invasión da privacidade” dixo Linda Rico, nai dunha alumna. A miña filla estaba moi desgustada, estou contenta de que retirasen a cámara”. Dan Doyen, superintendente dunha escola en Texas, foi sentenciado a cinco anos e tivo que rexistrarse como acosador sexual despois de instalar unha cámara oculta nos baños femininos da oficina da súa escola. A cámara estaba disimulada porque parecía un dispensador de ar fresco e fora mercada coa tarxeta de crédito da escola. Unha escola en Pine Bush, New York instalou no baño unha vídeo cámara falsa para disuadir coa súa presenza que os rapaces destrozasen o baño.





### ESCÁNER FACIAL

En 2005 un centro comercial de Holanda instalou un sistema de recoñecemento facial para localizar sospeitosos de roubar. Os primeiros intentos probaron un 90% de acerto na identificación dos sospeitosos. Imaxes tomadas polas cámaras son transmitidas a unha base de datos que contén fotografías de voluntarios que actúan como ladróns. Cando entran no centro comercial e pasan por diante dunha cámara o sistema dá a alarma. Este mesmo sistema vén sendo usado nos casino desde polo menos o ano 2005 para locali-


zar xogadores que teñen prohibido o acceso por faceren trampas ou contaren as cartas. (Estes xogadores son engadidos a un libro negro que ten o nome de Griffin

book). No pasado os gardas de seguridade memorizaban as fotos desas persoas para recoñecelos unha vez dentro do casino. Por suposto o lector pode pensar que poñendo un chapeu, unhas lentes ou unha barba falsa podemos enganar o sistema, mais un programa do History Channel titulado Fort Knox: Secrets Revealed (2007) detallaba as medidas de seguridade para protexer o ouro alí gardado e cando explicaba os sistemas utilizados para o recoñecemento facial, o experto en seguridade dixo que incluso unha persoa con cirurxía estética podería ser identificada inmediatamente.

**O experto en seguridade dixo que incluso unha persoa con cirurxía estética podería ser identificada inmediatamente.**

### A QUE CHEIRA O MEDO?

Investigadores da Instituto de Tecnoloxía de Massachusetts (MIT) están intentando crear un nariz artificial que pode ulir a adrenalina que segundo os científicos é expelida en grandes cantidades por unha persoa cando se sente culpábel. Homeland Security está ademais traballando en recoller un banco de cheiros de escenas de crimes porque cren que así poderán identificar a individuos como se fai até agora co ADN. O profesor Kenneth Furton da Universidade Internacional de Miami, está traballando unha tecnoloxía que axiña identificará criminais comparando as moléculas do olor collidas na escena do crime coas do banco de olores como se fosen un banco de datos das marcas dactilares. Di que os científicos xa poden determinar a raza, idade e entorno dunha persoa en base ao seu olor e nalgúns casos até qué foi o que comeu na súa última cea. Os científicos están tamén buscando como identificar olores que indican se unha persoa está deprimida ou enferma.



### HONDA INVENTA UNHA MÁQUINA QUE LE AS ONDAS CEREBRAIS

O fabricante de coches Honda deseñou un trebello que le as ondas cerebrais dunha persoa e que pode controlar un robot co pensamento. Nunha conferencia de prensa en Xapón en 2009 a empresa desvelou unha versión actualizada do seu robot Asimo que camiña sobre dúas pernas e é controlado por unha persoa que viste un estraño casco que le a mente. O aparato está feito en colaboración entre Honda e o Instituto Internacional de Investigación Shimadzu. O trebello ten a aparencia dun casco de bici cuberto con compoñentes eléctricos e usa a electroencefalografía (EEG) e a espectroscopía de infravermellos (NIRS) para medir a actividade cerebral. Cabe preguntarse por que Honda está interesada en tal tecnoloxía xa que non parece que aporte ningún beneficio á súa industria automobilística. Parece que Honda está buscando como ampliar o seu negocio e construír algún día robots que nos poidan axudar na casa. Cren que estaría moi ben usar esa tecnoloxía para que a xente poida abrir o maleteiro do coche ou configurar o ar acondicionado só co pensamento, porque supostamente, cren que apertando un só botón é demasiado difícil.



## UNHA MÁQUINA QUE SABE O QUE PENSAMOS


En xaneiro de 2006 o programa de TV newsmagazine chamado 60 minutos emitiu un documental titulado Mind Reading que amosaba unha nova tecnoloxía deseñada na Universidade Carnegie Mellon que pode literalmente ler a túa mente. O documental presentaba o neuro científico Marcel Just e o seu colaborador Tom Mitchell, responsábeis do sistema. Marcel Just non quixo chamalo lector da mente e prefería denominalo como un identificador de pensamento. Un dos produtores do documental sentou na máquina e tivo que pensar en dez obxectos diferentes, como un martelo, un desaparafusa-

os cerebros de voluntarios mentres escollían entre sumar ou restar dous números e a computadora era quen de averiguar o que decidían. “Sempre lles digo aos meus estudantes que xa non hai máis ciencia ficción. Estamos facendo toda a ciencia ficción que lía no instituto” di Paul Root Wolpe, director do Centro para a Ética na Universidade Emery en Atlanta. E continúa, “En toda a nosa Historia, ninguén podía obrigar a alguén a revelar información. A tortura non funcionaba, a persuasión non funcionaba... o dereito a manter os pensamentos para nós no noso cerebro está entre os máis sagrados”. Entón cita exemplos en que cuestiona quen tería autoridade legal para usar esta tecnoloxía, se o goberno podería en breve obrigar a xente a usalo, ou se incluso pais poderían obrigar os seus fillos a usalo cando crean que lles están mentindo.

Unha empresa chamada No Lie MRI anuncia os seus servizos dicindo que o uso do fMRI proporciona un método obxectivo para detectar o engano e outra información gardada no cerebro. Hai un ruxe-ruxe sobre un aparato que pode emitir un raio de luz ou ondas de radio á cabeza dunha persoa e ler as súas ondas cerebrais. Tal máquina pode obviamente ser usada sen o consentimento ou coñecemento da persoa, a diferenza doutras máquinas fMRI que necesitan que a persoa estea deitada ou sentada inmóbil para ser escaneada.

### This is your brain, lying

Using a type of brain scan called functional magnetic resonance imaging, scientists found certain brain regions — shown here in white and black in a series of horizontal cross sections — were more active in test subjects when they were not being truthful.



Source: University of Pennsylvania


Chronicle Graphic

áreas do cerebro que se activan cando mentimos

dor, un apartamento e o computador escaneando o seu cerebro desvelou os obxectos en que pensara e a orde exacta. A máquina ten o nome de Functional MRI machine ou fMRI. Despois da demostración Lesly Stahl, a presentadora do documental, estaba visiblemente impresionada. O escáner pode detectar se unha persoa sente amabilidade, hipocrísia ou incluso amor. No documental tamén entrevistaron a científicos de Berlín no Centro Bernstein onde dirixían experimentos onde escaneaban

**O escáner pode detectar se unha persoa sente amabilidade, hipocrísia ou incluso amor. (...)  
O goberno podería en breve obrigar a xente a usalo, ou incluso pais poderían obrigar os seus fillos a usalo cando crean que están mentindo.**

Prototipo do coñecido detector de mentiras até agora utilizado pola policía






### SEI QUEN ES, ONDE VIVES E O QUE FIXECHES O VERÁN PASADO

Visionics, é unha empresa líder no recoñecemento facial, que usa o que eles chaman “nodal points” 80 puntos de referencia distintos da face humana e que son medidos e traducidos a código numérico para representar cada un dos rostros humanos. Visionics di que só son necesarios de 14 a 22 puntos para que o seu software Faceit reconeça a alguén. No ano 2000 o sistema era capaz de identificar unha persoa entre 60 millóns de fotografías de caras distintas nun minuto. Hoxe estes sistemas poden probablemente escanear unha base de datos que conteña toda a poboación de EEUU para identificar a unha persoa en só segundos. Visionics foi fundada por Joseph Atick recrutado en 1991 pola Universidade Rockefeller de New York para crear o Laboratorio computacional de Neurociencia onde desenvolveu esta tecnoloxía de recoñecemento

facial. Para logralo recibiu unha bolsa do Ministerio de Defensa por valor de 4 millóns de dólares. A Axencia para a Seguridade Nacional deulle outros 4 millóns para desenvolver o software Faceit. Desde que a policía grava en vídeo as manifestacións para identificar en caso de que haxa disturbios e vandalismo os culpábeis somos conscientes de que se asistimos a calquera protesta podemos ser identificados se a policía utiliza o sistema de recoñecemento facial. Podemos ser rexistrados en bases de datos policiais como extremistas só por asistir a unha manifestación lexitima e pacífica. A medida que estes sistemas de recoñecemento facial se popularice eles poderán saber o nome de cada unha das persoas asistentes a unha manifestación.



entón só en segundos entrar na súa Facebook e saber o nome, onde vive, ler todos os seus comentarios, ver as súas fotos, averiguar quen son os seus amigos e máis. As barbaridades que poden ser cometidas por acosadores, criminais, chantaxistas, pervertidos e sociópatas son virtualmente ilimitadas. Esta non é a única aplicación deste tipo. Unha aplicación para Iphone chamada Face Match fai algo similar ao identificar a persoas en fotos que teñas subido á túa Facebook. O mercado para o recoñecemento facial para móbiles só está empezando; durante este século esta tecnoloxía avanzará moi rapidamente e calquera día poderá identificar a un ser humano tan rapidamente coma nós reconecemos a un amigo.

### As barbaridades que poden ser cometidas por acosadores, criminais, chantaxistas, pervertidos e sociópatas son virtualmente ilimitadas

entón só en segundos entrar na súa Facebook e saber o nome, onde vive, ler todos os seus comentarios, ver as súas fotos, averiguar quen son os seus amigos e máis. As barbaridades que poden ser cometidas por acosadores, criminais, chantaxistas, pervertidos e sociópatas son virtualmente ilimitadas. Esta non é a única aplicación deste tipo. Unha aplicación para Iphone chamada Face Match fai algo similar ao identificar a persoas en fotos que teñas subido á túa Facebook. O mercado para o recoñecemento facial para móbiles só está empezando; durante este século esta tecnoloxía avanzará moi rapidamente e calquera día poderá identificar a un ser humano tan rapidamente coma nós reconecemos a un amigo.

En Febreiro do 2010 unha empresa sueca chamada Astonishing Tribe presentou unha aplicación para teléfono móbil que permite á xente facer unha foto a alguén e usar un sistema de recoñecemento facial e impresión dixital para despois atopar a esa persoa en Facebook ou Myspace. A aplicación chámase Recognizr e nada máis coñecerse provocou serias controversias entre os defensores da privacidade. Tom Gaffney, un experto en aplicacións de seguridade

F-Secure, dixo “esta aplicación parece o soño dun acosador feito realidade” e Simon Davies de Privacy International dixo desta aplicación que era unha invasión atroz da privacidade e dixo que incrementaba os perigos de acoso e intrusión. Usando esta pequena aplicación un fulano pode facer unha foto a unha moza que lle guste, estea nun bar, na tenda ou xalundes e

entón só en segundos entrar na súa Facebook e saber o nome, onde vive, ler todos os seus comentarios, ver as súas fotos, averiguar quen son os seus amigos e máis. As barbaridades que poden ser cometidas por acosadores, criminais, chantaxistas, pervertidos e sociópatas son virtualmente ilimitadas. Esta non é a única aplicación deste tipo. Unha aplicación para Iphone chamada Face Match fai algo similar ao identificar a persoas en fotos que teñas subido á túa Facebook. O mercado para o recoñecemento facial para móbiles só está empezando; durante este século esta tecnoloxía avanzará moi rapidamente e calquera día poderá identificar a un ser humano tan rapidamente coma nós reconecemos a un amigo.



### LEN O NOSO CEREBRO ANTE UN TRIBUNAL

Pode parecer que todo isto está aínda a décadas de ser usado ante un tribunal, estás equivocado. En India unha muller foi acusada de asasinato en 2008 tras un escaneo cerebral. Un artigo do New York Times explica: “India é o primeiro país en acusar a alguén de cometer un crime baseándose en evidencias tiradas dunha controvertida máquina, un escáner cerebral que produce imaxes da mente humana en acción e que seica indica se un sospeitoso lembra detalles dun crime.” En xuño de 2008, unha xuíza da India permitiu un escáner cerebral para demostrar que unha sospeitosa tiña o coñecemento vivencial dun crime do xeito en que só o podería ter sendo a asasina. A sospeitosa foi sentenciada a cadea perpetua. “Creo que isto é á vez interesante e preocupante”. Dixo Henry T. Greely, un

**En xuño de 2008, unha xuíza da India permitiu un escáner cerebral. A sospeitosa foi sentenciada a cadea perpetua**

bioético da Universidade de Dereito de Stanford. “Seguímos a buscar unha solución máxica para detectarmos a mentira. Quizais a consigamos algún día, pero cómpre esixir a máxima infalibilidade antes de arruinar a vida da xente se usamos esta tecnoloxía.” O escáner cerebral, utilizado neste caso, esixe que a persoa estea unida por electrodos á máquina para que durante a lectura dea detalles moi concretos da escena do crime. Segundo os fabricantes da máquina, certas partes do noso cerebro se activan cando a memoria é estimulada. Isto leva a pensar ás autoridades que aquilo que causa a activación cerebral é consecuencia de que a persoa foi testemuña dos feitos que se lle están lendo. Esta tecnoloxía ten por suposto críticos porque é moi nova e aínda non foi sometida a experimentación rigorosa.

### XA NON HAI QUEN COLGUE CLASE EN BRASIL: UN MICROCHIP DARÁ A ALERTA SE OS NENOS NON VAN AO COLEXIO

Unha cidade brasileira comezou a implantar os 'uniformes intelixentes' para manter os seus alumnos controlados e evitar que latan clase. Os "uniformes intelixentes" chegaron aos colexios de Brasil para acabar co absentismo de raíz. 20.000 alumnos da cidade nororiental de Vitoria da Conquista serán os (afortunados?) que estreen a vestimenta 'anti colgar'. As camisetas levarán microchips incorporados, nunha manga ou baixo a insignia do colexio, que enviarán unha mensaxe de texto (SMS) aos pais cando o alumno chegue ou avisaranos se entra tarde a clase. Unha medida que, segundo as autoridades locais, axudará a mellorar a coordinación entre pais e profesores. O plan é que para o próximo ano todos os estudantes de máis de 14 anos da rexión utilicen a indiscreta peza, na que o goberno local investiu uns 530.000 euros. O responsable de Educación da cidade, Coriolano Moraes, explicaba a Associated Press a orixe da medida. "Démonos conta de que moitos pais traían aos seus fillos ao colexio, pero non chegaban a ver se entraban ou non no edificio, porque tiñan que marcharse correndo para ir

traballar". O sistema que puxeron en marcha para solucionalo é sinxelo: cando o alumno atravesase os sensores á entrada do colexio, o microchip oculto na roupa enviará un SMS aos pais, confirmando que os seus fillos entraron ao colexio. Se pasados 20 minutos da hora de entrada o estudante aínda non pasou por diante do sensor, unha mensaxe de alarma chega até os pais.